



## Ficha técnica: Patrimonio cultural europeo en colaboración no programa eTwinning

Curso: 2024-25

### TÍTULO DO PROGRAMA: EDUCACIÓN PATRIMONIAL

- **Institucións da que depende:** Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- **Ámbito:** Patrimonio
- **Definición:** A modalidade Programa eTwinning comprende unha rede de centros europeos. O seu fin é promover e facilitar o contacto, o intercambio de ideas e o traballo en colaboración entre profesorado e alumnado de distintos países europeos a través das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Cómpre axudar aos centros a internacionalizarse mediante a creación de proxectos eTwinning centrados na temática de patrimonio cultural, co fin de que o seu desenvolvemento sexa relevante e innovador e poida ser candidato a conseguir o Selo de Calidade Nacional eTwinning.

O patrimonio cultural será o eixo temático dos proxectos para que se potencie o e se valore tanto o material como o inmaterial, e se propicie o diálogo intercultural e a cohesión social, dándolle un valor engadido europeo.

- **Temporización:** Un curso escolar
- **Alumnado ao que vai dirixido:** Alumnado de infantil, primaria, secundaria, bacharelato, ciclos de formación profesional de grao básico, medio ou superior, ensinanzas de réxime especial, ensinanzas para persoas adultas e centros de educación especial .
- **Límite de centros participantes:** 12
- **Límite de docentes participantes por centro:** 5 docentes por centro educativo
- **Límite de alumnado participante por centro:** N/A
- **Criterios de participación:**

A persoa coordinadora debe ter superado polo menos un curso de formación específica sobre eTwinning. No caso de que esa formación sexa anterior a 2022, a persoa coordinadora ten que ter participado en polo menos un proxecto eTwinning dende 2022.

As persoas participantes deben ter que ter rexistro validado en eTwinning na European School Education Platform.



- **Criterios de selección:**
  - Relevancia da temática
  - Implicación da comunidade educativa.
  - Plan de difusión
- **Persoas responsables:**
  - **Nomes:** Sonia Vázquez Gómez e Patricia M<sup>a</sup> Ares Yáñez
  - **Departamento:** Asesoría de Internacionalización da Educación, Servizo de Innovación e Programas Educativos, Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
  - **Teléfono:** 981 546 545 / 981 546 533
  - **Correo electrónico:** [etwinning@edu.xunta.gal](mailto:etwinning@edu.xunta.gal)
- **Obxectivo xeral:** promover e facilitar o coñecemento do patrimonio cultural europeo a través do contacto, o intercambio de ideas e o traballo en colaboración entre profesorado e alumnado de distintos países europeos a través das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- **Obxectivos específicos:**
  - Coñecer o patrimonio da contorna inmediata desde unha visión integradora e vinculada ao territorio e que, de xeito participativo, contribúa á súa conservación e difusión ideando estratexias de recoñecemento público e promoción dos seus recursos.
  - Facilitar as ferramentas para que a comunidade educativa coñeza e recoñeza o patrimonio material e inmaterial da súa contorna co fin de vincular as persoas co territorio.
  - Introducir o alumnado na terminoloxía do patrimonio cultural: valor cultural, categoría dos bens (BIC, ben catalogado, ben inventariado), protección, conservación, autenticidade ou integridade.
  - Aprender a utilizar ferramentas de patrimonialización e protección do patrimonio cultural como o inventario, catálogo, o traballo de campo, etc.
  - Potenciar o coñecemento e a valoración do patrimonio cultural europeo material e inmaterial, propiciando o diálogo intercultural e a cohesión social.
- **Palabras clave:** patrimonio, cultura, proxecto colaborativo, Europa, internacionalización, eTwinning.



- **Metodoloxía:** Proxectos colaborativos, Aprendizaxe Baseada en Proxectos.
- **Temporización:** Un curso escolar.
- **Actividades e recursos:** Entre as actividades do programa recóllense as seguintes:
  - **Formación:** Curso "Patrimonio cultural europeo en colaboración no programa eTwinning. Plan Proxecta".
  - **Temporización:**
    - Nos dous primeiros trimestres se desenvolverá a formación obrigatoria, na que os participantes procurarán os centros socios, redactarán o proxecto eTwinning, e configurarán o espazo de traballo. As tarefas programadas na aula virtual terán prazo de entrega e evidencias de realización (capturas de pantalla do Twinspace).
    - No terceiro trimestre os centros desenvolverán e finalizarán o proxecto. Os centros rematarán solicitando o Selo de Calidade eTwinning dos seus proxectos.
    - Ao remate de cada trimestre escolar, o centro publicará no blog de Educación Patrimonial as evidencias gráficas e/ou documentais do traballo realizado que permitan constatar o desenvolvemento do proxecto.
    - Durante o transcurso do programa, poderán celebrarse eventos eTwinning, programados polas persoas embaixadoras eTwinning e o profesorado participante.
- **Webs de referencia:**
  - European School Education Platform:  
<https://school-education.ec.europa.eu/es>
  - Blog de Educación Patrimonial:  
<https://blogs.xunta.gal/educacionpatrimonial/>

### **Produto final:**

Un proxecto eTwinning sobre a temática de patrimonio cultural europeo, que debe ter a calidade mínima para acadar o Selo de Calidade Nacional eTwinning.

### **Criterios de avaliación da memorias finais:**

- **Criterios xerais do Plan Proxecta**



1. Creación dunha rede de traballo cooperativa na comunidade educativa entre alumnado, profesorado, familias e/ou institucións da contorna. Valorarase especialmente a participación activa do alumnado no desenvolvemento do proxecto (toma de decisións, realización do produto final etc).
2. Interdisciplinariedade (achegas desde distintos departamentos didácticos, disciplinas ou materias) e transferibilidade do proxecto.
3. Impacto e difusión do proxecto. É imprescindible incorporar na memoria, a través de ligazóns (páxinas web, blogs etc), evidencias gráficas e/ou documentais do traballo realizado que permitan constatar o desenvolvemento do proxecto.

- **Criterios específicos**

1. Consecución dos obxectivos. Avaliarase o grao de congruencia entre actividades desenvolvidas e o concepto de patrimonio cultural. Para este fin, inseriranse na memoria final os enlaces ás entradas trimestrais publicadas no blog de Educación Patrimonial.
2. Descrición das actividades realizadas. Avaliarase a utilización dos recursos materiais, tecnolóxicos e lingüísticos: Para este fin valorarase o TwinSpace. Inserirase na memoria final o enlace ao TwinSpace e as credenciais de acceso a convidados.
3. Instrumentos de avaliación utilizados e resultados obtidos. Avaliarase a relevancia destes instrumentos e a calidade dos resultados.